



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 06 de xullo de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 04 de xullo, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Tráfico e Seguridade, mediante providencia de data 23 de xuño, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 16-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

| APLICACIÓN DOS FONDOS | | |
|-----------------------|-----------------|-------------|
| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
| N240.1330.62700 | Novos semáforos | 33.942,25 € |
| | TOTAL..... | 33.942,25 € |

| ORIXE DOS FONDOS | | |
|------------------|---|-------------|
| CONCEPTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
| 75039 | Subv. Xunta Instalación semafórica accesos CHUO | 33.942,25 € |
| | TOTAL..... | 33.942,25 € |

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17-2-24-02

Título: Instalación semafórica dos accesos ao complexo hospitalario universitario

Importe: 33.942,25 €

Período de execución: 30-11-2017

Aplicación orzamentaria de gasto:

N240.1330.62700 Novos semáforos 33.942,25 €

Financiación:

Subv. Xunta instalación semafórica accesos CHUO (concepto de ingresos 75039): 33.942,25

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 33.942,25 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.